

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodriguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Alejandro Ojea, Mónica

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

Secretaría e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

López Díaz, María

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o venres 23 de febreiro de 2018, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de decembro de 2017.

2.- Informe da presidenta.

3.- Análise e valoración do escrito presentado polo alumnado da facultade.

4.- Aprobación do informe remitido pola administradora do Campus de Ourense, relativo ás necesidades do PAS na Facultade de Historia do Campus de Ourense

6.- Aprobación, se procede, do borrador do *Informe de revisión pola dirección* correspondente ao curso 2016/2017.

7.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Historia.

8.- Aprobación, se procede do recoñecemento de créditos dunha actividade extra académica presentada pola área de arqueoloxía.

9.- Rolda de intervencións.

Adenda

10.- Aprobación, se procede, do límite de prazas no Grao en Xeografía e Historia e no PCEO do Grao de Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

11.- Aprobación, se procede, da PDA do Grao en Xeografía e Historia (G250 e G251) e do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

12.- Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

13.- Aprobación, se procede, da táboa de recoñecementos de ciclos superiores para o PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

Indica a decana que hoxe non está presente a secretaria da facultade porque tiña pedido o día e que por ese motivo levantará acta o vicedecano Adolfo

Fernández, que pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa asistencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de decembro de 2017.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

- Comeza a decana informando de que Beatriz Nieto Outomuro, alumna egresada da facultade presentou xunto coa revista “El octavo historiador”, tamén integrada por egresados/as, unha proposta para o Centro que é a de organizar unha Olimpíada da Historia. A idea xurde porque ela que é profesora nun colexio concertado, realiza os exames dos alumnos a modo de concurso, é unha forma de facer atractiva a materia, este concepto preténdese trasladar a I Olimpíada de Historia. O equipo decanal pareceulle ben a proposta, pensando que tería tamén encaixe dentro da vía de promoción da Facultade e do Grao. Vaise por en marcha neste curso académico, polo que optouse pola vía máis sinxela, a modo experimental. Así, vai ser enfocado a 4.º da ESO, posto que Beatriz Nieto ten o material practicamente elaborado e pódese adaptar ao evento. En principio pensouse en facelas a nivel provincial pero despois decidiuse que se realizaran nivel autonómico.

Os esforzos divulgativos realizaranse na provincia de Ourense pero, enviaranse correos electrónicos aos centros de Ensinanza Secundaria de toda Galicia, para evitar unhas posibles duplicidades. Preparouse o orzamento e unhas bases que, de considerarse preciso, pódemos mandalas a todos para botarlle unha ollada por se alguén quere realizar suxestións.

Hai moi escasas Olimpíadas da Historia a nivel estatal, normalmente son probas a modo de exame, comentario de texto e/ou respostas longas a preguntas. Decidiuse ir a algo sinxelo, tipo concurso, con catro modalidades de preguntas: verdadeiro/falso, probas de resposta curta, identificación dunha personaxe e identificación dunha frase cun acontecemento histórico; habería rebote salvo na de verdadeiro e falso. Estableceuse que soamente podería participar un grupo por centro. Solicítase a colaboración do alumnado unha vez que se vaia a celebrar o evento.

Os premios propostos serán:

Todos os/as participantes recibirán un diploma acreditativo.

Equipo gañador: unha tablet para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo unha caixa vacacional para dúas persoas.

Segundo premio: un libro e un videoxogo para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas máis masaxe en Outariz.

Terceiro premio: Unha entrada para cada un dos compoñentes do equipo a Escape Room. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas máis masaxe en Outariz.

A área de imaxe deseñou un cartel para a divulgación da actividade. O orzamento é será asumido polo Consello Social da Universidade de Vigo, a Deputación e o Concello de Ourense e as empresas locais: “El octavo pasajero”, “Xogón”, “Librería Moucho”, “El octavo historiador”.

Vaise realizar unha rolda de prensa o luns, o evento terá lugar o 25 de maio, e englobanse dentro das liñas de promoción do centro.

- Pasa a continuación a informar dunha actividade a realizar o día 9 de marzo baixo o título de *Xornada de orientación laboral*, fixada xa no horario do curso académico. Asistirá unha técnica de orientación laboral da oficina de emprego da Universidade de Vigo e catro profesionais egresados/as para que expliquen a súa situación laboral. Está previsto solicitar ao Consello Social unha axuda.

Tamén se solicitou ao Consello Social unha axuda en relación coas prácticas de arqueoloxía. Explica o vicedecano que de concederse, o Concello Social ingresarálle a facultade o diñeiro e o centro xestionará os pagamentos. En concreto, esta convocatoria de axudas do Consello Social é exclusiva para as prácticas, o importe máximo será de 5.000 euros.

Interveñen distintos membros da xunta para formular as súas dúbidas respecto as posibilidades de solicitude e a decana indica que calquera actividade que estea relacionada coas prácticas pode solicitar convocatoria de axudas.

- Prosegue a decana comunicando que no mes de outubro se realizará o *III congreso internacional da auga*; neste momento estase a traballar na organización do evento que será a finais de outubro. Comezou as roldas co vicerreitor do campus para tratar de conseguir subvencións, hai tamén unha proposta do Concello de Ourense para vinculalo a outro proxecto termal que se realizará na cidade, este aspecto terá que valoralo o comité organizador do

Congreso. Solicitarase, ao igual que no caso das olimpíadas, a axuda do alumnado para colaborar neste proxecto.

- Pide a palabra o profesor Julio Prada para informar que o venres houbo unha xuntanza da comisión de doutoramento do Campus da Auga, estanse perfilando para o vindeiro ano a docencia, unhas actividades formativas de trinta horas que o alumnado tería que realizar segundo o seu perfil. O problema é que como se trata dun doutoramento multidisciplinar e é moi difícil propor actividades que lle interese a todos, aclara que hai trece matriculados a día de hoxe. Comenta que acaba de recibir un correo da secretaria da comisión na que lle indica que o luns habería que aprobar ese programa de formación, propón incluír a todos os que estean no programa nun apartado de “políticas usos e xestión da auga na historia”. A idea é que entren todos os ámbitos, para iso vaise asignar dúas horas que sería “nosa”, do nodo ámbito, para formar parte da actividade, pode ser unha conferencia, un seminario, etc. Ao ser persoal da Universidade de Vigo suponse que esas dúas horas terán recoñecemento en POD pero indica que descoñece en que proporción. Solicita que se propoña para o luns unha actividade planificada no primeiro semestre do vindeiro ano.

Beatriz Vaquero pregunta si son dúas horas para o conxunto da actividade ou para cada un dos participantes. Julio Prada procede a ler literalmente a mensaxe recibida polo que Beatriz Vaquero conclúe que son dúas horas en total. O profesor anima a que alguén propoña algo. Na actividade matricularase o alumnado que así o desexe. Solicita que na medida que se poida se debería facer un esforzo porque cómpre que a facultade estea presente.

- Indica tamén a decana que o profesor Alberto Valín presentou a baixa, o que motivou que en comisión permanente houbera que aprobar os cambios de horarios necesarios para adaptarse á nova situación.

Comenta un dos membros da comisión que hai que cambiar os partes de exames nos que aínda figuran as clases de Alberto Valín pola tarde. A decana asinte e explica que se debe a que os partes xa estaban impresos previamente e o que explica o erro que se produciu.

3.- Análise e valoración do escrito presentado polo alumnado da facultade.

Respecto ao escrito do alumnado que se anexou á convocatoria a decana explica que xa comentou o tema na anterior xunta de centro na que se quedou en que o alumnado formalizaran todo o acontecido nun escrito. O citado escrito tratouse onte na Comisión de Calidade onde estaba Juan M. Galiña un dos seus representante. As conclusións as que se chegaron foron: elaborar unha enquisa para pasar a todo o alumnado do grao para comprobar

se se trata do sentir dunha clase ou de todo o alumnado, elaborárase un borrador que se levará a Comisión de Calidade.

Destaca a decana que había propostas que teñen que ver co plan de estudos e que non se poden cambiar, como por exemplo os créditos dunha materia. O que si se se podería pensar é nalgún cambio de materia dun curso para outro, iso xa se fixo noutra ocasión. Explica que a instancias do alumnado fíxose fai uns anos un cambio que foi pasar Fontes para segundo e América para primeiro. Parece ser que a opinión mudou e non se ve claro, polo que solicitan que sería mellor Fontes para primeiro e América para segundo. Comprométese a que os cambios que se poidan facer sen remodelar a memoria se estudarán de ser ese o sentir xeneralizado. Aclara despois que hai outros aspectos que se terán en consideración no suposto de que se cambie o plan de estudos.

Prosegue dicindo que hai outras problemáticas que, como ben indicaba Beatriz Vaquero, a coordinadora de Grao, nas incidencias temos que saber a que materias se refiren, Beatriz Vaquero se presta como mediadora salvo que sexa ela a persoa implicada, e no suposto de que se dea esta circunstancia ofrécese a decana. En relación a Historiografía, argumentan no escrito que é unha materia moi “espiñosa” para ter en primeiro.

Beatriz Vaquero opina que hai varias cousas que comentou no escrito das que xa acaba de falar Susana unha delas que hai que identificar as materias. Relata que algúns alumnos pasaron polo seu despacho e entre todos chegaron a un acordo, explica que se non lle dan os problemas concretos, ela non pode actuar. O problema principal do alumnado é o medo a posibles represalias. Unha das súas propostas é que, antes de que se comece a revisar docnet, o alumnado debería coller as guías docentes revisalas e realizar as solicitudes que correspondan, o que lle permitiría a ela comezar a traballar para tentar buscar solucións.

En relación ao plan de estudos indica que foi consensuado e as materias fundamentais teñen que ir en primeiro curso; cambiar Fontes para primeiro non lle gustaría porque entran moi tarde debido as probas de acceso, pero si hai que ir a primeiro iría, e que si lles parece que a materia ten pouco contido que ela non ten problema en presentar máis contido. Considera que está fallando en algo, a ela parécelle que é amplo pero quizais está equivocada. Quedou tamén en que viñeran representantes de todos os cursos e non unicamente de terceiro.

Pásase agora a falar da problemática dos semipresenciais, a decana comenta que teñen que vir eles a comentar os seus problemas. Beatriz Vaquero, entende que isto non é un ataque, que non se pode crer que sexamos perfectos nin que nos teñan manía e hai que pensar en como mellorarmos.

Ela non pode ser a policía de Fatic non pode nin ten que vixiar a todo o mundo. A decana explica que a coordinadora non pode entrar a fiscalizalo todo.

Elena de Uña expón que o estudantado fai as súas enquisas, a información para cada materia está aí e nesas avaliacións poden ver onde están os problemas das materias. A decana engade que poucos contestan a esas enquisas e non sabe ata que punto poden ser representativas; pasa a explicar que ela é a titora de ese curso de terceiro e que estivo falando con eles en distintas ocasións e todo parecía que ía ben ata que se realizou esa reunión na que dixeron que estaban defraudados. Entende que é un sentir que hai que analizar, se hai problemas os que os poden detectar son eles, reitera en que non é malo facer a reflexión pero hai que ver ata que punto isto é xenérico e non dun curso.

Elena de Uña advirte que nese curso hai grupos moi enfrontados e iso pode ser moi delicado.

A decana comenta tamén que Yolanda Barriocanal propuxo na Comisión de Calidade que ás veces en lugar de facer un escrito o mellor sería falar co profesor e descoñece se se fixo.

Intervén Beatriz Vaquero para indicar que ela tamén lles dixo que tiñan que falar co profesorado e que cando hai unha falta de acordo é cando se ofrecería como mediadora.

Outra cuestión que se comentou na Comisión de Calidade, explica a decana, é que se hai medo a posibles represarias poden presentar a través da plataforma das QSP, de xeito anónimo e que é a vía institucional da universidade. Aclara Antonio Presedo que se poden presentar queixas, subxestións e parabéns.

Beatriz Comendador intervén para indicar que se as queixas funcionan para un lado deberían funcionar tamén para o outro porque ela tamén tería moito de que queixarse.

Trátase agora o tema da materia de Historiografía, interveñen o profesor Jesús de Juana e Julio Prada, quen aclara que en concreto ese curso académico quen deu a materia de foi el. Explica que non se queixan da materia nin do profesor, quéixanse de é complicada a súa comprensión e que tería que estar en último curso. Desde o seu punto de vista toda a problemática exposta ten solución se o alumnado fala directamente co profesor ou profesora implicados, a ninguén lle ten porqué parecer mal, insiste en que o alumnado de terceiro se preocupe polo de primeiro é algo que se debe valorar, a solución é abordar caso por caso.

Intercambian as súas impresións Julio Prada e Elena de Uña sobre o motivo polo que o rendemento dos semipresenciais é moito maior.

4.- Aprobación do informe remitido pola administradora do Campus de Ourense, relativo ás necesidades do PAS na Facultade de Historia do Campus de Ourense

A decana explica que este informe se solicitou á administradora do Campus, nel faise unha valoración sobre as necesidades do PAS, trátase dun informe que entra dentro dun dos procedementos de calidade.

Interveñen distintos membros da xunta, entre eles os profesores Jesús de Juana, e Antonio Presedo. O primeiro indica que desde o seu punto de vista o informe non fala das necesidades do PAS. Antonio Presedo, colaborador de calidade, explica que isto é o obxecto do procedemento, pero hai que recoller ás necesidades que é o que aparece na guía de calidade.

Apróbase o documento por asentimento, indicando que non hai unha determinación clara das necesidades, porque é un informe descritivo que non analiza as necesidades e que polo tanto non é concluínte.

6.- Aprobación, se procede, do borrador do *Informe de revisión pola dirección* correspondente ao curso 2016/2017.

No momento de dar lectura ao punto cinco a decana e outros membros da xunta comentan que hai un erro, porque na convocatoria realizada saltouse directamente do punto catro ao punto seis e polo tanto non hai punto cinco, aclárase o erro producido e procédese a dar lectura ao punto seis.

Explica a decana que este ano, por parte da Área de Calidade, simplificouse o proceso de análise porque xa non se realiza o seguimento de cada título senón só o *“Informe de revisión pola dirección”*, e pide a todos os presentes que se lle bote unha ollada para que se fagan as suxerencias que se consideren. Antonio Presedo, pide tamén a colaboración de todos. Está pendente o apartado correspondente á QSP e a proposta de melloras.

En relación ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural a decana informa que arredor do mes de maio estará na facultade a comisión que acredite ao mestrado. O luns quedou para ver a plataforma Avalia, coas persoas da Área de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos, elas serán as encargadas de subir os documentos á plataforma. Antonio e ela elaborarán o documento e o coordinador e o secretario deberán entregar de xeito rápido todo o que se lles solicite. A decana advirte que “hai que por a cabeza en modo acreditación” e volve aclarar que a calidade vaise simplificar moito.

7.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Historia.

Explica Julio Prada as liñas xerais das modificacións realizadas para tentar axilizar e informatizar na medida do posible todo o proceso do TFG. Xa non haberá que entregar os tres exemplares chegará con subir o pdf á plataforma FaiTic. Explica que haberá unha primeira convocatoria en outubro, outra en maio/xuño e unha terceira no mes de xullo. Cada convocatoria estará organizada por tribunais. Cada tribunal terá o depósito do TFG, as actas de cualificación que é unha das novidades, e sacará unha acta de cualificación provisoria e despois a definitiva. Fixéronse probas e en principio funciona sen problemas pero ata que non se desenvolvan as fases non se saberá con seguridade. Terá que darse de alta todo o profesorado como si foran profesores da materia.

Advirte que para que todo isto poida funcionar en principio, suponse que o alumnado implicitamente, está dando permiso para que o tribunal o cualifique pero, aclara, non é tan obvio, posto que entrou en vigor unha directiva comunitaria que complica un pouco o procedemento. Están por unha banda, as obrigas establecidas na lei de protección de datos e pola outra esta directiva comunitaria que obrigará a un novo procedemento que terá que decidir a universidade.

Fermín Pérez aclara que para o TFM hai unha proposta de xeito que cando o alumno entre na secretaría virtual para facer a solicitude de defensa subirá tamén á plataforma o documento pdf. Preguntoulle a Elsa López a xefa de área de posgrao porque hai que saber quen terá os permisos para acceder, de momento Elsa comentoulle que era algo do que non tiña información.

8.- Aprobación, se procede do recoñecemento de créditos dunha actividade extra académica presentada pola área de arqueoloxía.

Retírase da orde do día porque non temos a documentación.

9.- Rolda de intervencións.

Non hai, pásase ao punto dez incluído na Addenda.

Addenda

10.- Aprobación, se procede, do límite de prazos no Grao en Xeografía e Historia e no PCEO do Grao de Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

Ofértanse 40 prazas para o Grao e 5 prazas para o PCEO, non se pode ampliar número de prazas e tampouco se poden baixar.

Apróbase por asentimento.

11.- Aprobación, se procede, da PDA do Grao en Xeografía e Historia (G250 e G251) e do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

Por acordo da Xunta de Facultade todas as materias relacionadas con Galicia” ou Noroeste penínsular ofértanse en cuarto curso e o resto das materias optativas votaron o estudenteado de 3º curso, quedando de primeira “Historia das relixións”, despois houbo empate nas tres seguintes, pediuse pois que volveran elixir dúas entre as tres. O resultado final foi que se vai ofertar tamén “Introdución á lingua e literatura latinas” e “Historia de América contemporánea”

Beatriz Vaquero comenta que ela na súa materia ten xente suspensa, incluso do plan vello. A decana acláralle que non se impartirá docencia desa materia que o alumnado unicamente terá dereito a exame.

Aprobase a PDA por asentimento.

12.- Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

Explica a decana que ao subir o número de alumnos hai máis bolsa de horas. Súbense sete horas en cada un dos items, salvo en coordinación de relacións internacionais que se subiron catro. Pregúntalle a decana a Julio Prada se lle parece ben a desgravación, Julio reitera o que xa comentara o ano pasado: hai unha parte do noso traballo que debería estar recollida aínda que fora de xeito simbólico. Reflexiona sobre que o traballo que hai que facelo igual teñamos 200 alumnos teñamos 1000 e hai una serie de tarefas que temos que realizar sempre, pero que non teñen recoñecemento e isto debería chegar á Reitoría, explicar que por exemplo o traballo en calidade supón unha serie de horas que a outros se lles outorgan por ter un determinado número de alumnos pero que a este centro non se lle concede.

A decana pídelle a Julio Prada que propoña que tipo de actividades como poderían ser por exemplo pertencer a tribunais, titorización de prácticas, etc. Establécese unha rolda de intervencións no que participa o profesorado do centro para dar a súa opinión sobre o tema.

Finalmente, apróbase por asentimento a bolsa de horas.



13.- Aprobación, se procede, da táboa de recoñecementos de ciclos superiores para o PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.

Aprobase por asentimento

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.40 h do día 23 de febreiro, da que eu como vicedecano ,en substitución da secretaria, dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

O vicedecano

Susana Reboreda Morillo

Adolfo Fernández Fernández